

## RESOLUCIÓN REITORAL DO 05/05/09 POLO QUE SE ESTABLECE O PROCEDEMENTO PARA O RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS AO ABEIRO DO DISPOSTO NO ARTIGO 12.8 DO REAL DECRETO 1393/2007, DO 29 DE OUTUBRO

O Consello de Goberno da USC, na súa sesión do 4 de xullo de 2008, acordou aprobar o recoñecemento de créditos ao abeiro do disposto no artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, e das liñas xerais da USC para a elaboración das novas titulacións. Cómpre establecer o procedemento a seguir polas Unidades de Xestión Académica para a liquidación dos prezos públicos e a imputación nos expedientes académicos destes recoñecementos, así como a inscrición nas probas de nivel e a acreditación das competencias lingüísticas.

Polo anteriormente exposto, esta Reitoría **RESOLVE**:

**PRIMEIRO.-** Para o recoñecemento das competencias universitarias pola participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudiantil, solidarias e de cooperación, a Unidade de Xestión Académica, logo de recibir a credencial acreditativa do órgano responsable, emitirá unha liquidación correspondente ao total de créditos a recoñecer.

**SEGUNDO.-** O máximo número de créditos a recoñecer por estas actividades será de 6 créditos. No caso de que o alumno xa teña recoñecidos parte destes créditos e solicite o recoñecemento doutra actividade, de xeito que supere o máximo número de créditos, estes poderán figurar no seu expediente, pero só serán computables 6 créditos, de acordo co disposto no artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007.

Nos expedientes académicos figurarán baixo o epígrafe “Recoñecemento de actividades universitarias”, coa descrición da actividade, o número e o tipo de créditos recoñecidos.

Estes recoñecementos producirán efectos no expediente na data en que se acredite o pagamento ou, no caso de acreditar algunha causa exención, na data en que o alumno solicite o seu recoñecemento, sempre que se recibira na Unidade de Xestión Académica a credencial acreditativa.

**TERCEIRO.-** As competencias lingüísticas poderán ser recoñecidas mediante a superación dunha proba de nivel ou por ter realizado os cursos ou estar en posesión dos diplomas que se recollen no anexo II do acordo do Consello de Goberno do 4 de xullo de 2008.

**3.1. Proba de nivel.-** a inscrición farase no mes anterior ao de realización da proba, a través da secretaría virtual da USC, indicando o idioma e o nivel (B1 ou B2) que se vai realizar. Esta inscrición ten carácter gratuíto.

O Centro de Linguas Modernas determinará as datas para a realización das probas.

A cumprimentación das actas axustarase ao disposto na instrución 2/2007 da Secretaría Xeral sobre elaboración informática, cobertura, tramitación, custodia e modificación das actas dos estudos da USC.

Recepcionadas as actas na Unidade de Xestión Académica, os resultados das probas do nivel B1 figurarán nos expedientes académicos dos alumnos, sen máis trámite, coa seguinte mención “Nivel B1. Idioma: acreditou o nivel de idioma (indicación do idioma acreditado) mediante a superación dunha proba de nivel no Centro de Linguas Modernas desta Universidade”.

Para o recoñecemento do nivel B2 o alumno deberá proceder a efectuar o pagamento dos créditos a recoñecer. No expediente académico figurarán os créditos recoñecidos baixo o epígrafe “Competencias transversais: Idioma (indicación do idioma acreditado), número e tipo de créditos recoñecidos e a cualificación de apto”

**3.2. Acreditación por ter realizado estudos de idioma.**- O alumno deberá solicitar na Unidade de Xestión Académica o recoñecemento do nivel que corresponda segundo os estudos realizados, aportando a certificación ou diploma acreditativo, segundo o establecido no anexo II do acordo do Consello de Goberno do 4 de xullo de 2008.

O recoñecemento do nivel B1 ten carácter gratuíto. No expediente académico figurará a seguinte mención “Nivel B1. Idioma: acreditou o nivel de idioma (indicación do idioma acreditado) por ter realizados os cursos ... de..... ou estar en posesión do diploma .....”.

Para o recoñecemento do nivel B2 o alumno deberá proceder ao pagamento dos créditos a recoñecer. No expediente académico figurarán os créditos recoñecidos baixo o epígrafe “Competencias transversais: Idioma (indicación do idioma acreditado), cursos realizados ou diploma acreditado, número e tipo de créditos recoñecidos e a mención recoñecido”

**3.3. Recoñecemento de créditos de Lingua Galega.**- A inscrición na proba farase no mes anterior ao da súa realización, a través da secretaría virtual. O alumno deberá acreditar que procede de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia e que non accedeu á USC desde centros de bacharelato desta Comunidade. A inscrición terá carácter gratuíto.

O Servizo de Normalización Lingüística determinará o lugar e as datas para a realización da proba de nivel.

A cumprimentación das actas axustarase ao disposto na instrución 2/2007 da Secretaría Xeral sobre elaboración informática, cobertura, tramitación, custodia e modificación das actas dos estudos da USC.

Recepcionadas as actas na Unidade de Xestión Académica, os alumnos poderán solicitar o recoñecemento de 3 créditos do nivel B1, para o que deberán proceder a efectuar o pagamento dos créditos a recoñecer.

No expediente académico figurarán os créditos recoñecidos baixo o epígrafe “Competencias transversais: Lingua Galega, número e tipo de créditos recoñecidos e a cualificación de apto”.

Os alumnos que xa cursaran o curso de galego Celga 2 ou superior, poderán solicitar o recoñecemento do nivel B1 na Unidade de Xestión Académica, sen ten que realizar a proba, procedendo a efectuar o pagamento dos créditos a recoñecer. Neste caso, no expediente académico figurarán os créditos recoñecidos baixo o epígrafe "Competencias transversais: Lingua Galega, curso Celga 2, número e tipo de créditos recoñecidos e a mención recoñecido".

**CUARTO.-** As unidades administrativas encargadas da xestión das actas serán: a Unidade de Xestión Académica do Campus Sur, para as probas que se realicen no Campus de Santiago de Compostela, e a Unidade de Xestión Académica de Lugo para as probas que se realicen no Campus de Lugo.

**QUINTO.-** O importe para o recoñecemento dos créditos será do 25% do prezo establecido no Decreto de prezos públicos por cada crédito en función da titulación de Grao para a que son recoñecidos, sendo de aplicación as mesmas subvencións, reducións e exencións que as establecidas para a matrícula. A liquidación efectuarase pola totalidade dos créditos a recoñecer.

Santiago de Compostela, 05/05/09

**O REITOR,**



*Senén Barro Ameneiro*  
Senén Barro Ameneiro

SRA. SECRETARIA XERAL - SR. VICERREITOR DE OFERTA DOCENTE E ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR – SR. VICEXERENTE DA ÁREA ACADÉMICA – SRES./AS. DECANOS/AS E DIRECTORES DE CENTROS – SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA – SR. DIRECTOR DA ÁREA DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN – SRA. RESPONSABLE DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA - SRA. XEFA DO SERVIZO DA ASESORÍA XURÍDICA – SRES./AS. XEFES/AS DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA – SRA. XEFA DA OFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓN E MELLORA DO PROCEDIMENTO.